



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Exposición pública do acordo de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do uso das praias do Concello de Ponteceso

ANUNCIO

Anuncio relativo á aprobación inicial da Ordenanza reguladora do uso das praias do Concello de Ponteceso

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO

Aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora do uso das praias do Concello de Ponteceso polo acordo do Pleno de data 13 de febreiro de 2023, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e co artigo 56 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados durante un prazo de 30 días hábiles para que poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. A práctica do trámite de información pública realizarase mediante a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios físico do Concello, no taboleiro da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

A práctica do trámite de audiencia aos interesados terá lugar mediante publicación do texto da ordenanza na sede electrónica do Concello.

Finalizado o prazo de información pública e audiencia, no caso de reclamacións adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as alegacións presentadas e aprobarase o texto definitivo da Ordenanza, e no suposto de non presentarse elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación. Deberase publicar o texto íntegro da Ordenanza no BOP e a súa entrada en vigor producirase transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Ponteceso, 16 de febreiro de 2023

O alcalde,

Xosé Lois García Carballido

2023/1130